

## • COMO participar na CGENDL?

1. Entrando na web da CGENDL e cubrindo un formulario de inscrición (NON HAI COTAS. Só o compromiso de colaborar en todo o que se poida).
2. Traballando nos **Equipos** dos centros porque son estes os que concretan o traballo planificado.
3. Participando no labor de **coordinación zonal**. Isto é importante porque permite gozar de todas as vantaxes que supón traballar man a man con xente que está a facer o mesmo nos centros.
4. **Colaborando na coordinación na CGENDL** a nivel galego permítenos, ademais do xa visto, activarnos no desenvolvemento:
  - De actividades propostas na Bolsa de Actividades para ENDL (na web).
  - Na Xornada pola Ciencia en Galego.
  - Na campaña "O Galego, o noso medio natural" coa Universidade de Vigo .
  - Nos intercambios lingüísticos e culturais entre centros.
  - Na Semana de Curtametraxes organizada polo equipo do IES Audiovisual de Vigo.

### Desde a coordinadora de Zona podemos facer moitas actividades...

- Convocatoria de premios de banda deseñada, relatos curtos , poemas, presentacións audiovisuais, podcast etc
- Elaboración de guías de compra cara as campañas de Nadal (xoguetes, música, libros..)
- Posta en común de estudos sociolingüísticos da zona
- Edición conxunta de materiais (calendarios, camisolas...)
- Campañas lingüísticas dirixidas ao contorno
- Organización de charlas e campañas de sensibilización dirixidas ás ANPAS.

## • POR QUE é importante colaborar na CGENDL?

Porque se estamos coordinados os/as docentes interesados/as en traballar pola normalización da nosa lingua e cultura podemos:

- ✓ Sentirnos máis apoiados, sobre todo en momentos difíciles como os que estamos a vivir.
- ✓ Facer máis actividades e sen repetirnos.
- ✓ Chegar con maior intensidade á sociedade.
- ✓ Pular pola normalización da nosa lingua desde unha institución universal e básica para toda a cidadanía: o ensino. Con iso, ademais, cubrimos un espazo que a nivel colectivo tiñamos desatendido os promotores da normalización lingüística.
- ✓ Ter máis forza para actuar na dinamización do contorno.
- ✓ Poderemos manter un discurso e un traballo a prol da normalización dentro da administración aínda cando esta non adopte medidas positivas cara á nosa lingua.

Toda a información que desexes está na web:

<http://www.coordinadoraendl.org>

Tamén no correo:


[correo@coordinadoraendl.org](mailto:correo@coordinadoraendl.org)

<http://www.coordinadoraendl.org>



ORGULLOS DO NOSO  
ORGULLOS DO GALEGO

coordinadora galega  
de equipos  
de normalización e  
dinamización lingüística



# COORDINADORA GALEGA DE ENDL

## • **QUE É a Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e dinamización lingüística (CGENDL)?**

**Naceu** en abril de 2009 e foi creada coa intención de coordinar actividades e experiencias dos equipos de toda Galicia, e ademais servirlle de voz pública aos ENDL que traballan nos centros de ensino.

É un colectivo formado por ENDL (agora EDLG) de centros públicos, privados e concertados, e deles formamos parte **profesionais do ensino** que levamos anos traballando a prol do galego.

É un colectivo de persoas de ideoloxías moi plurais, mais unidas por un mesmo ideario lingüístico: **a normalización da nosa lingua**.

**Centra** o seu ámbito de actuación nos centros de ensino e na comunidade educativa, co obxectivo de que os seus obxectivos normalizadores cheguen a toda a sociedade.

**A** súa maior forza é o labor voluntarista e totalmente desinteresado de todos os seus membros.

**Non** ten afán lucrativo, nin o pretende.

## • **POR QUE** participar na CGENDL?

1. Para contribuír ao fomento da lingua galega na comunidade educativa e no contorno social.
2. Para organizar e coordinar actuacións entre os diferentes centros e realizar accións conxuntas para todos os ENDL co obxectivo de optimizar recursos e enerxías.
3. Para potenciar o intercambio de experiencias.
4. Para funcionar como plataforma de intercambio, tanto de actividades dos equipos como de formación, isto é, dinamizar e asesorar.
5. Para crear materiais innovadores de apoio didáctico e recursos de interese.
6. Para propiciar o encontro con persoas e organizacións vinculadas ás tarefas normalizadoras.
7. Para que se poida visualizar na sociedade o traballo dos equipos a través de canles de divulgación e comunicación sólidas.
8. Para contribuír desde o ensino a ofrecer unha perspectiva aberta, moderna e plural da normalización lingüística.

## • **QUEN** pode participar directamente na CGENDL?

- √ Todos/as os coordinadores dos Equipos.
- √ Todos/as os membros dos Equipos.
- √ Todos/as os docentes.
- √ De centros de ensino público, concertado e privado de Galicia que queiran traballar pola normalización da nosa lingua desde os centros de ensino.

## • **COMO** se organiza a CGENDL?

A CGENDL conta coa seguinte estrutura:

- **ENDL e docentes** membros de ENDL ou non: traballades día a día nos centros.

- **Coordinadoras zonais** de ENDL:

- ♦ Coordinan, na medida do posible, o traballo conxunto dos ENDL dunha zona.
- ♦ Elixe un responsable como coordinador/a da zona.

- **Xunta de Zona (XZ):**

- ♦ Reúnese ordinariamente 2 veces por curso.
- ♦ Está formado por todos os Coordinadores/as de cada Zona e polo Consello Directivo.
- ♦ Funcións:
  - Define as estratexias de actuación.
  - Fai propostas de traballo.
  - Aproba (a comezo de curso) e avalía (ao final) o plan anual de traballo.

- **Asemblea Xeral (AX):**

- ♦ Reúnese 1 vez por curso.
- ♦ Poden participar todas as persoas adheridas á coordinadora.
- ♦ Funcións:
  - Define e aproba as liñas de traballo anual.
  - Elixe o Consello Directivo.

- **Consello Directivo (CD):**

- ♦ É o órgano ordinario de xestión e ten como misión planificar, organizar, dirixir e supervisar o funcionamento da CGENDL.